



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Xaneiro 2018

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Xaneiro 2018


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un aumento do 5,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 4,3 puntos superior ao do mes de decembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 7,4%, 3,0 puntos máis que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 6,1% e os Outros servizos o 4,4%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,8% e en España un 2,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de xaneiro. Galicia é a quinta comunidade con menor crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a cuarta comunidade co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un aumento do 5,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 4,3 puntos superior ao do mes de decembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 7,4%, 3,0 puntos máis que no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 6,1% e achega 4,6 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 4,4% e achegan 1,0 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 7,3%, 1,2 puntos máis que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 7,8%, superando o crecemento galego en 3,4 puntos.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 7,9% e achega 4,1 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 8,6% e o *Comercio ao retalho* o 1,1%.

A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento do 8,5% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* do 16,0%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 4,4%; os sectores que máis contribúen a este crecemento son: o *Transporte* (0,4 puntos), ao crecer un 3,9%, e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, que aumentan un 11,5% e achegan 0,3 puntos.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 7,8%. Os sectores con maiores incrementos son: as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (10,8%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (10,5%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 6,2% no mes de xaneiro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio* que aumenta o 6,0% e achega 2,7 puntos á taxa de variación do índice xeral, e ao *Transporte*, que crece un 10,5% e achega 1,5 puntos.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 3,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 4,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xaneiro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Cantabria (10,4%), País Vasco (9,4%) e Madrid (9,1%). As comunidades con menores crecementos son Andalucía (4,4%), Asturias (4,5%) e Castilla y León (4,8%).

Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2018


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,8% respecto ao mes de xaneiro de 2017, 0,7 puntos menos que en España (2,5%).



O persoal ocupado aumenta un 1,5% no *Comercio* e un 2,1% nos *Outros servizos*. No *Comercio*, o *Comercio por xunto* rexistra o maior crecemento (3,7%) mentres que na *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-1,0%).

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 5,5% nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* e do 4,1% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* co que achegan seis décimas cada unha a taxa de variación do índice xeral. Pola contra, na *Hostalería* diminúe o persoal ocupado (-0,8%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,9%).


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de xaneiro con respecto ao mesmo mes do ano 2017. Os maiores incrementos danse en Murcia (4,0%) e Cantabria (3,9%).

Navarra (1,4%) e Extremadura e País Vasco (ambas as dúas 1,7%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	110,5	5,7	5,7
Comercio	114,3	6,1	6,1
Venta e reparación de vehículos de motor	93,6	8,6	8,6
Comercio por xunto	118,1	7,9	7,9
Comercio ao retallo	109,8	1,1	1,1
Outros servizos	99,0	4,4	4,4
Transporte	101,7	3,9	3,9
Hostalería	87,4	3,6	3,6
Información e comunicacións	101,0	0,2	0,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,7	5,5	5,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	104,6	11,5	11,5
España			
Xeral	107,3	7,4	7,4
Comercio	110,1	7,3	7,3
Venta e reparación de vehículos de motor	115,4	16,0	16,0
Comercio por xunto	110,1	8,5	8,5
Comercio ao retallo	108,0	2,4	2,4
Outros servizos	102,3	7,8	7,8
Transporte	105,2	7,9	7,9
Hostalería	88,5	3,5	3,5
Información e comunicacións	106,5	5,9	5,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,6	10,8	10,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	96,7	10,5	10,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xaneiro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,4	6,2	6,2
Comercio	113,9	6,0	6,0
Transporte	119,5	10,5	10,5
Hostalería	88,0	4,3	4,3
Información e comunicacións	103,8	2,1	2,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	95,7	3,7	3,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,2	11,4	11,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xaneiro 2018**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	107,3	7,4	7,4
Andalucía	105,4	4,4	4,4
Aragón	103,1	8,7	8,7
Asturias	102,9	4,5	4,5
Balears, Illes	79,6	7,1	7,1
Canarias	112,1	6,1	6,1
Cantabria	107,8	10,4	10,4
Castilla y León	100,8	4,8	4,8
Castilla-La Mancha	108,1	8,2	8,2
Cataluña	105,4	8,0	8,0
Comunitat Valenciana	107,6	6,3	6,3
Extremadura	102,5	5,4	5,4
GALICIA	110,5	5,7	5,7
Madrid	112,3	9,1	9,1
Murcia	107,3	8,4	8,4
Navarra	107,9	7,1	7,1
País Vasco	109,0	9,4	9,4
Rioja, La	108,7	7,1	7,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	103,6	1,8	1,8
Comercio	104,0	1,5	1,5
Venta e reparación de vehículos de motor	97,7	-1,0	-1,0
Comercio por xunto	110,2	3,7	3,7
Comercio ao retallo	101,7	0,7	0,7
Outros servizos	103,2	2,1	2,1
Transporte	101,8	0,6	0,6
Hostalería	98,8	-0,8	-0,8
Información e comunicacións	105,4	2,5	2,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	103,8	5,5	5,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,9	4,1	4,1
España			
Xeral	104,1	2,5	2,5
Comercio	104,5	1,7	1,7
Venta e reparación de vehículos de motor	104,2	2,3	2,3
Comercio por xunto	107,5	2,7	2,7
Comercio ao retallo	102,6	1,0	1,0
Outros servizos	103,8	3,0	3,0
Transporte	105,6	3,0	3,0
Hostalería	98,2	1,8	1,8
Información e comunicacións	105,1	3,2	3,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	104,0	1,9	1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,4	4,9	4,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xaneiro 2018**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	104,1	2,5	2,5
Andalucía	102,4	2,1	2,1
Aragón	105,2	3,2	3,2
Asturias	102,4	2,6	2,6
Baleares, Illes	87,8	3,2	3,2
Canarias	108,0	2,7	2,7
Cantabria	105,1	3,9	3,9
Castilla y León	102,6	2,2	2,2
Castilla-La Mancha	103,7	2,0	2,0
Cataluña	105,4	3,3	3,3
Comunitat Valenciana	105,9	1,9	1,9
Extremadura	101,2	1,7	1,7
GALICIA	103,6	1,8	1,8
Madrid	104,8	2,3	2,3
Murcia	108,0	4,0	4,0
Navarra	103,9	1,4	1,4
País Vasco	103,2	1,7	1,7
Rioja, La	104,8	2,5	2,5

Fonte: INE